

Cuestionario orientativo para solicitar orzamento dunha web

Descríbenos a web que queres e farémosche un orzamento.

Redactamos algunhas preguntas para orientarte na descripción que debes mandarnos. Canta máis información nos fagas chegar, máis precisos poderemos ser co orzamento.

- ¿En cantos idiomas estará a web?
- ¿Cantas seccións terá aproximadamente? Deben contarse as seccións e subseccións (todos os niveis).
- ¿Cantas seccións terán un contido superior ó que se pode incluír nun A4?
- ¿Haberá seccións especiais (que non sexan só de texto)? Por exemplo, formularios, galerías de fotos, descargas, libros de visitas, buscadores especializados, ... (En caso afirmativo, enumeralas e definir que teñen de especial).
- ¿Deberá instalarse algunha aplicación concreta? Aula virtual, foro, tenda, ...
- ¿Queres poder modificar ti mesmo os contidos da web? ¿Todos os contidos ou só algunhas seccións como Novas ou Galería de fotos?
- ¿Necesitarás deseño? ¿Algunha sección necesita un deseño especial, distinto do resto da web ou cunha complexidade maior (ilustracións, efectos visuais, ...)?
- ¿Existirán seccións ás que só poden acceder algúns usuarios? Describir.
- ¿Sabes canto queres ou podes gastar? Se tes un prezo en mente, podemos aconsellarte sobre o tipo de web que podes obter por esa cantidade.
- Cóntanos calquera outra cousa que consideres necesaria.